

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE ABRIL DE 2011**

**LICENZAS.-**

**FAVORABLES.-**

**LIC/1822/2010.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.-** Legalización do acondicionamento exterior da Facultade de Económicas na Avda. do Burgo das Nacións, s/n.

**LIC/2394/2010.- HECTOR JOSE BREA GESTO.-** Construcción de aparcadoiro privado no Lugar de Son de Abaixo, 34.

**LIC/793/2008.- RESIDENCIALES PIRSA, SL.-** Construcción de dous bloques para un total de 49 vivendas, locais comerciais e trasteiros na parcela ER-2 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**LIC/639/2011.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA.-** Prórroga do inicio de obra correspondente á licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de setembro de 2010 para a construción dun edificio de 48 vivendas, locais comerciais, garaxes e trasteiros na parcela ER-3 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**LIC/636/2011.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA.-** Prórroga do inicio de obra correspondente á licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de setembro de 2010 para a construción dun edificio de 64 vivendas, locais comerciais, garaxes e trasteiros na parcela 4 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**LIC/638/2011.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA.-** Prórroga do inicio de obra correspondente á licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de setembro de 2010 para a construción dun edificio de 64 vivendas, locais comerciais, garaxes e trasteiros na parcela 5 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**LIC/637/2011.- CONSTRUCCIONES RUAFER, SA.-** Prórroga do inicio de obra correspondente á licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de setembro de 2010 para a construción dun edificio de 32 vivendas, locais comerciais, garaxes e trasteiros na parcela ER-8 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**PARCELACIÓNS.-**

**LIC/2030/2010.- JORGE FERRER GONZALEZ.** Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Silvouta, finca número 172 do plano xeral de concentración parcelaria de Santa María de Vilvestro.

**OCIHR**

**LICENZAS.-**

**LAP/292/2010.- LIC/2266/2010.- EMPRENDIMIENTOS VIRIATO SL.-** Licenza de apertura e obra de acondicionamento de local para actividade venda polo miúdo de produtos textiles na rúa Orfas, 15

**DISCIPLINA.-**

**PROPOSTA DE INCLUSIÓN NO REXISTRO DE SOARES**

**PRIMEIRO:-** Dictar a orde de inclusión no rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar no Concello de Santiago de Compostela, dos seguintes inmobles:

- rúa dos Loureiros, 14 (DIS/355/2010)
- praciña das Penas, 5 (DIS/357/2010)
- rúa de San Roque, 23 (DIS/356/2010)

**SEGUNDO:** Notificar a orde de inclusión aos propietarios dos inmobles mencionados.

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios deste Concello.

**CUARTO:** Dar comunicación do acordado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS) da C. A. De Galicia.

**QUINTO:** Unha vez sexa firma en vía administrativa remitir ó Rexistro da Propiedade certificación que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordena a inclusión no rexistro municipal de soares.

**5 a 85.- -Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre construcións, instalacións e obras.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**86.- Revisión de prezos do contrato de Conservación e mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase a revisión do prezo da adxudicación segundo a variación do IPC novembro 2009-novembro 2010. Importe anual: 70.027,20 euros.

**87.- Explotación da cafetería sita no parque Eugenio Granell.**

Apróbase os pregos de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un canon mínimo a chegar polo licitador de 4.966,45 euros máis unha porcentaxe tamén anual de participación nos ingresos derivados do contrato non inferior ao 1%.

**88.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e o Colexio de Avogados de Santiago para o ano 2011.**

Apróbase o convenio polo que o Concello e o Colexio colaboran na implantación e funcionamento dunha quenda de letrados especializados en Dereito administrativo e laboral para prestar asistencia e asesoramento xurídico na vía administrativa previa, de cara á formulación dos recursos administrativos e escritos procedentes, que na actualidade quedan fóra do ámbito da xustiza gratuíta, para aquelas persoas que acreditando insuficiencia de recursos residan en Santiago. O Concello achega 4.250 euros.

**89.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de recursos de reposición interpostos contra o acordo de concesión de axudas sociais ao persoal municipal.**

Resólvense os recursos.

**90.- Propostas da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativas á aprobación de convenios con diversas asociacións.**

Apróbase os convenios coas asociacións Barriga Verde (10.200 euros), Seráns en Compostela (1.700 euros) e Curso Universitario Internacional Música en Compostela (4.250 euros).

**91.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á modificación do acordo número 2 desta Xunta de Goberno Local de data 31.03.2011 referente á aprobación do Pacto Local polo Emprego e a concurrencia do Concello á convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo (período 2007-2013).**

Modifícase o devandito acordo quedando do seguinte xeito: “apróbase o Pacto Local polo Emprego de Santiago, nos termos sinalados na súa Memoria, e solicítase unha subvención por importe de 1.104.000 euros para un importe total do proxecto de 1.380.000 euros (actuacións Persoa V e Plan de Acción Local polo Emprego 2011-2013) conforme á convocatoria antedita”.

**92.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á aprobación do convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago e diversas empresas prestatarias do transporte urbano municipal para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas ás mesmas na Área de Transporte Metropolitano de Santiago.**

Apróbase o convenio entre a Xunta, o Concello de Santiago e as empresas Autobuses Urbanos de Lugo SA, Tralusa, Transportes Mosquera SL, Autos Carballo SA e Hermanos Ferrín SL como prestatarias do transporte urbano municipal para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas ás mesmas na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.

**93.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao rexeitamento de solicitude da declaración de caducidade e nulidade da aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do SUNP-38. Formarís.**

Apróbase o rexeitamento.

**94.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á desconsignación e pagamento da parcela 106 do proxecto de expropiacións para incorporación de propietarios á Xunta de Compensación do SUP-4 de Conxo.**

Execútase a resolución do xurado de expropiación forzosa e recoñécese o dereito dos expropiados a percibir a cantidade de 3.147,16 euros en concepto de xuros. Desá cantidade corresponde aboar ao xurado 840,02 euros que serán reclamados con posterioridade ao pago polo Concello.

**95.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á desconsignación e pagamento da parcela 358 do expediente de expropiación para execución conexións exteriores do Plan especial de San Lázaro.**

Ordénase a desconsignación da cantidade de 2.520,92 euros para o devandito pagamento.

**96.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á desconsignación e pagamento da parcela 346 do expediente de expropiación para execución conexións exteriores do Plan especial de San Lázaro.**

Ordénase a desconsignación da cantidade de 10.490,53 euros para o devandito pagamento.

**97.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á desconsignación e pagamento da parcela 352 do expediente de expropiación para execución conexións exteriores do Plan especial de San Lázaro.**

Ordénase a desconsignación da cantidade de 3.083,19 euros para o devandito pagamento.

**98.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recepción das obras de urbanización da unidade de xestión UX-15. Picaños.**

Recíbense as devanditas obras.

**99.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a Federación Española de Baloncesto.**

Dáse conta do devandito convenio para a realización de actividades conxuntas para a promoción do baloncesto na cidade

**100.- Dar conta da solicitude de subvención para o mantemento da Escola Municipal de Música.**

Dáse conta da solicitude da devandita subvención, que non poderá superar a cantidade de 32.000 euros.

**104.- Correspondencia**

Autorízase a ampliación de horario nunha hora os días 16, 17, 21, 22, 23 e 24 de abril aos establecementos de hostalería.

**URXENCIAS**

1.- Ampliase o prazo para a presentación de proposicións para o servizo de grúa e ORA ata o vindeiro 29 de abril, inclusive.